

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Rosalía de Castro na discografía. Vintecinco monográficos

Xaime Estévez Vila

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro na discografía. Vintecinco monográficos (1960-2021)

Xaime Estévez Vila

1. Introducción

Rosalía de Castro é con moito a referencia da literatura galega máis abundante na música. Máis de cincocentos rexistros sonoros (datos da Biblioteca Nacional) multiplican varias veces os que podemos contabilizar a outros que lle seguen como Celso Emilio Ferreiro ou Álvaro Cunqueiro. A obra literaria máis gravada de Rosalía é o “Negra Sombra “ con música de Juan Montes coa particularidade de que a versión musical instrumental (sen letra) é moi común en distintas gravacións. Se prescindiramos hoxe da “Negra Sombra”, Rosalía seguiría sendo a referencia fundamental, pero durante moitos anos (ata 1928 que gravan os Gaiteiros de Soutelo a Alborada de Rosalía de Castro) é só esta obra musical a que podemos atopar relacionada con ela. Precisamente a gravación máis antiga localizada é un rolo de pianola de 1910 conservado na Biblioteca Nacional desta obra senlleira, á que seguirán múltiples versións corais a partir dos anos vinte do século pasado como Artística de Vigo, Coral de Ruada, Cantigas da Terra, Coral Rosalía de Castro ou Polifónica de

Pontevedra entre outras. Será a partir de 1970 co pop galego, a música de cámara vogal e coa canción de autor, como se chega a unha definitiva diversificación dos poemas empregados polos músicos. Dende “Los Tamara” no ano 1970 con temas inesquecibles como “Airiños Aires”, pero tamén outros como Bernardo Xosé (“A Vida dos probes” 1973), e xa a partir do primeiro monográfico de Amancio Prada “Rosalía de Castro” (1975) e o folc vogal galego, prodúcese esa referencia de poesías diversas de Rosalía postas en música: Luis Emilio Batallán, María Manoela, Xocaloma, Tony de Soto, Keltia ou Maruja Villanueva serán pioneiros nos anos setenta deste rexurdimento sonoro musical.

A forza dos temas rosalianos afóndase co paso do tempo e vai ser raro que haxa agrupacións ou artistas galegos que non queiran relacionarse con *Cantares Gallegos* ou *Follas Novas*. Pero, como veremos, as fronteiras de Galicia non serán problema para que agrupacións e artistas doutros lugares fagan versións musicais dos seus poemas.

Temos ademais exemplos de todo tipo de xéneros e estilos musicais asociados ás letras (imos poñendo as referencias máis antigas localizadas): copla española (Antoñita Moreno 1964), tunas (Tuna de Madrid 1979), rap (Aid 2012), jazz (Dolores Plata 1985), canto coral (Coro Cantores de Madrid 1950), música de banda (Banda Municipal de A Coruña 1964), coros galegos (Artística de Vigo 1922), grupos de gaitas e percusións (Gaiteiros de Soutelo 1928), pop (Los Tamara 1970), música vogal de cámara (Maruxa Villanueva

1974), folc (Xocaloma 1981), cantautores (Amancio Prada 1975), música infantil (Na Virada 2002), orquestras populares (Os Breogáns 1977), recitados (Pili Pereira 1960), orquestra sinfónica e voz (Joaquín Rodrigo composición de 1965/edición discográfica 2003), rock (Astarot 2000), flamenco (Delio Domínguez 2014), pop internacional (Albano 2008)... o que nos deixa sorprendidos polo acollemento da súa obra literaria sen fronteiras estéticas apreciáveis.


Hoxe imos deternos nun capítulo non tratado especificamente e que pode ser un primeiro paso necesario para abordar a importancia dos traballos discográficos relacionados coa escritora galega. Son estas edicións as que pensaron nunha unidade o traballo discográfico de varios temas sobre Rosalía de Castro, e así é de xustiza deterse para poñelos en valor, porque sen dúbida foron referencia fundamental para que outros incluíran máis obras con este reclamo e tamén unha demostración palpable da pegada e transcendencia cultural mantida no tempo da obra rosaliana a través da arte musical.

A Fundación (antes Patronato) Rosalía de Castro ten que ver en bastantes como se verá. Amancio Prada será o artista que máis edicións promoveu con esta temática. As restantes propostas son variadas, inclusive de agrupacións musicais dende fora de Galicia en tres casos (O Val das Mouras 2015, Evoéh 2019 e Lía Pamina 2019). Tamén o Consello da Cultura Galega rescatou unha homenaxe do ano 1959 feito no Centro Galego de Buenos Aires e o reeditou nunha casete en 1995.

Cantautores, jazz, recitados, pop actual, música celta, música de cámara, lieder, música infantil ou música coral quedan nestas edicións representadas.

Nós imos deixar constancia destas vinte cinco edicións discográficas que quedarán na historia asociadas totalmente á súa obra por ser monográficos así concibidos premeditadamente polos seus promotores.

Vinte cinco monográficos (1960-2021)



I - II. Poesías de Rosalía de Castro


Artista/s: Pilar Pereira

Data: 1960

Poemas: O Moucho, A Xustiza pola man, Campanas de Bastabales

Edita: La Voz de su amo 7 EPL 13.509

Primeiro monográfico que localizamos. Recitados por Pili Pereira. Só ten outro son asociado distinto á súa voz, unhas campás no poema “Campanas de Bastabales”. No propio sinxelo informa doutra edición paralela có número anterior (13508) na que van Airiños, Airiños Aires/ O Cravo , Adios ríos adios fontes, e Negra Sombra . Serían estes os primeiros discos editados dedicados a Rosalía de Castro en exclusiva.



III. Versos Escogidos

Artista/s: Maruxa Villanueva canta. Música de Nemesio García Carril, Orquesta de Radio Nacional de España baixo a súa dirección.

Data: 1974

Poemas: Camiño branco, Pasa Río, Este vaise, Cantarte hei Galicia.

Edita: Audio y Video S.A. Patronato “Rosalía de Castro”

Interesante monográfico xa que os versos escollidos son cantados por unha soprano e acompañados por unha orquestra sinfónica con arranxos orixinais para estes catro temas editados no sinxelo.



IV. Rosalía de Castro

Artista/s: Amancio Prada, voz e guitarra ; Eduardo Gattinoni, violonchelo

Data: 1975

Poemas: Campanas de Bastabales; Pra Habana; Cando era tempo de inverno; Mais o que ben quixo un día; A xusticia pola man; Vamos bebendo; Adiós ríos, adiós fontes; Paseniño, paseniño; ¿Quen non xime?; Ya que de la esperanza; ¿Qué pasa redor de min?; Corre o vento, o río pasa.

Edita: Fonomusic

Ven a ser o primeiro “Long Play” monográfico sobre Rosalía de Castro con composicións musicais de Amancio Prada, sen dúbida a súa repercusión popular foi enorme popularizando definitivamente temas como “Adiós Ríos, Adiós Fontes” ou “Campanas de Bastavales”.



V. Lúa descolorida

Artista/s: Dolores Plata. Composicións de Rodrigo Romaní, Nani García e Antón Seoane.

Data: 1985

Poemas: Lúa descolorida ; No ceo azul clarísimo; Pasa río; Maio longo; Torres do oeste: fragmento; Tecin soia; O meu olido mais puro; Decías que o matrimonio; Levame

Edita: Edigal.Santiago de Compostela

Primeiro LP monográfico de música próxima ao jazz con poesía de Rosalía de Castro, instrumentos da música pop.



VI. Homenaxe a Rosalía de Castro

Artista/s: Coro Universitario de Santiago; director, Maximino Zumalave Caneda. (Gravado en directo no Auditorio da Universidade de Santiago o 20 de decembro de 1985.

Data: 1992

Poemas: Sin terra / Roxelio Groba. Non che digo nada, pero vaia / Carmelo Bernaola. Miña santiña / A. García Abril. Lúa descolorida / Tomás Marco. Tembra un neno / M. Castillo

Edita: El Correo Gallego/Xunta de Galicia.

Gravación de grande interese pois os temas son de compositores contemporáneos de prestixio como C. Bernaola, García Abril, Tomas Marco, M. Castillo ou Roxelio Groba. Tamén é a primeira edición coral monográfica localizada neste caso nunha cinta casete.



VII. Ofrenda a Rosalía no Centro Galego de Buenos Aires 25/7/59

Voces: José Mosquera, Ramón Otero Pedrayo, ...

Data: 1995

Textos: Discursos de homenaxe

Edita: Consello da Cultura Galega/Arquivo Sonoro de Galicia.

Singular edición en cinta casete na que se recupera este momento histórico dunha celebración de homenaxe a Rosalía de Castro na emigración.



VIII. Canto de Amor a Rosalía de Castro

Artista/s: Maruxa Villanueva

Data: 1997

Poemas: Campanas de Compostela; Son los ojos del cariño; Negra Sombra; Meniña Orfa; Dieders, virxe da Barca; Tan sólo dudas; Para Cantar a Galicia; Una Sombra tristísima; Dios bendiga todo nena; Alma que vas huyendo; Vamos bebendo; campanas de bBastavales; Miña santiña; Yo no se lo que busco;

Ala la da Coruña, Glorias hay que deslumbrar; A la La de Lugo, Vosotros que lograsteis; A La La de Ourense; son los corazones; Dicen que no hablan las plantas; A La La de Pontevedra; Padrón...!

Edita: P. C. Logar. Madrid.

Cinta casete con temas interpretados por Maruxa Villanueva como unha homenaxe a Rosalía de Castro.



IX. Daquelas que cantan

Once escritoras galegas recitan poemas a Rosalía.


Artista/s: Música de Rodrigo Romaní

Data: 1997

Poemas de: Pura Vázquez, Luz Pozo, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Helena Villar, Chus Pato, Pilar Pallarés, Xela Arias, Ana Romaní, Yolanda Castaño.

Edita: Fundación Rosalía de Castro polo seu cincuentenario.

Primeiro libro-disco editado coa particularidade de que son poemas das distintas escritoras dedicados á Rosalía con fondo musical composto por Rodrigo Romaní.



X. De Rosalía

Artista/s: Aurora López/Maruja Iniesta/Maruja Villanueva

Data: 1997

Poemas: Máis ve que o meu corazón (Baldomir); Unha vez tiveren un cravo (M. Iniesta); Daquelas que cantan(recitado); Que prácticamente brillan (A. López); Alborada (Popular); Tecín soia(recitado);No ceo azul crarísimo (Baldomir); Negra Sombra (J. Montes); Quíxente tanto Meniña (recitado); Maio Longo (Baldomir); A xustiza pola man (recitado); Padrón (A. López); A Rosalía(A.López)

Edita: P.C. Logar. Madrid.

Cinta casete na que hai temas recitados ao lado doutros cantados con acompañamento pianístico.



XI. Rosas a Rosalía


Artista/s: Amancio Prada/ Rela Filharmonía de Galicia, Maximino Zumaia

Data: 1997

Poemas: Campanas de Bastabales / int., Amancio Prada con María del Mar Bonet; Paseniño, paseniño; ¿Qué pasa ó redor de min? / int., Amancio Prada; Corre o vento, o río pasa / int., Amancio Prada con María del Mar Bonet; Cómo chove miudiño / int., Amancio Prada con Amélia Muge; Pra Habana / int., Amancio Prada; Adivínase el dulce y perfumado / int., Amancio Prada con Marisa Paredes; Mayo longo / int., Amancio Prada; Vamos bebendo / int., Amancio Prada con Martirio; Un repoludo gaitero / int., Amancio Prada; A xusticia pola man / int., Amancio Prada con Nuria Espert; Adios ríos, adios fontes / int., Amancio Prada; Cando era tempo / int., Amancio Prada con María Dolores Pradera; Algúns din : ¡miña terra! / int., Amancio Prada con Marisa Paredes; Ya que de la esperanza / int., Amancio Prada con Ginesa Ortega; ¿Quién non xime? / int., Amancio Prada; Airiños, aires / int., Amancio Prada con las Pandereteiras de Baio; Negra sombra / int., Amancio Prada

Edita: Fonomusic

Amancio Prada volve provocar outra obra discográfica dedicada a Rosalía partindo do realizado en 1975, agora coa Filharmonía de Galicia e con colaboracións moi especiais que quedarán para historia como María Dolores Pradera, María del Mar Bonet Ou Nuria Espert entre outras. Todas composicións de Amancio Prada agás “Negra Sombra” con música de J. Montes.



XII. Rosalía de Castro na voz de Anxo Angueira


Artista/s: Anxo Angueira

Data: 2003

Poemas recitados: ¡Padrón--!; ¡Padrón--!; Como chove miudiño; Miña santiña; O toque santiña; O toque de alba; Miña casaña, meu lar; Tembra un neno; Na tomba do xeneral inglés sir John Moore; Desde as fartas orelas do Mondego; Estranxeira na súa patria; Cada noite eu chorando pensaba; Xan; A xusticia pola man; Castellanos de Castilla; Airiños, airiños, aires

Edita: Xerais Media

O segundo libro disco do que temos noticia, primeiro no século XXI, e tamén o primeiro exclusivamente recitado e ademais por unha voz masculina que parece ser o primeiro rexistro discográfico falado con esa característica en un disco completo.



XIII. Rosalía na voz dos poetas

Artista/s: Ana Romaní, Davide Pérez, Ánxeles Penas, Xesús Rábade, Ramiro Fonte, Avilés de Taramancos, Helena Villar, Ramón Lorenzo, Eusebio Lorenzo. Música de Michel Cánada, Rodrigo Romaní, Coro Universitario de Santiago, Grupo Xiada.

Data: 2003 (1983)

Poemas: Vaguedás, Silencio, En Cornes, Pra Habana, A xustiza pola man, Adios, Na tomba de Moore, Amigos Vello, No claustro, La Pena ao Lombo. Cantarte hei Galicia.

Edita: Fundación Rosalía de Castro

Nesta edición recupérase outra (da que non temos máis datos) en vinilo de 1983, distintos poetas relevantes da cultura galega do momento con ambientación musical diversa recitan poemas de Rosalía de Castro.



XIV. Rosalía sempre

Artista/s: Amancio Prada

Data: 2005

Poemas: Campanas de Bastabales; Paseño, paseño; ¿Qué pasa ó redor de min?; Corre o vento, o río pasa; Cómo chove miudiño; Pra Habana; Mayo longo; Vamos bebendo; Un repoludo gaitero; A xusticia pola man; Adios ríos, adios fontes; Cando era tempo; Algúns din; ¡miña terra!; Ya que de la esperanza; ¿Quién non xime?; Airiños, aires; Negra sombra
Edita: Camaina

De novo Amancio Prada volve a editar con Rosalía un disco, recupera os temas xa gravados anteriormente con algunha colaboración distinta como a de Uxía Senlle, Gaiteiros Os Rosales ou Nani García entre outros.



XV. Rosalía de Castro. Cantares galegos

Artista/s: Resonet ; Mercedes Hernández, soprano; Fernando Reyes, director; José Enrique Pedrosa, barítono. (Gravado no auditorio do Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela os días 4, 5, 6, 19 e 25 de maio de 2007).

Data: 2007

Poemas: Airiños, airiños aires; Has de cantar; Dios bendiga todo, nena; Eu ben vin estar o moucho; Ora, meu meniño, ora; Campanas de Bastabales; Airiños, airiños aires; Meniña, ti a máis hermosa; Adiós ríos, adiós fontes; Castellanos de Castilla; Como chove miudiño; Airiños, airiños aires; Cantan os galos pra o día; Meu San Antonio bendito; Non che digo nada, pero vaia; Mais ó que ben quixo un día; Airiños, airiños aires

Edita: Edición patrocinada pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, e coa colaboración da Fundación Rosalía de Castro

Nesta gravación temos unha agrupación ao xeito de “Música antiga” facendo versións moi interesantes das letras rosalianas nun formato non empregado na discografía ata ese momento.



XVI. Rosalía 21

Artista/s: Abe Rábade, piano e dirección musical ; Anxo Angueira, recitado ; Guadi Galego, voz e gaita ; Jesús Santandreu, saxo tenor ; Nelson Cascais, contrabaixo ; Bruno Pedroso, batería

Data: 2007

Poemas: A xusticia pola man; Padrón, Padrón, Santa María, Lestrove; Ladraban contra min; composición musical, Abe Rábade. Cada noite eu chorando pensaba; composición musical, Jesús Santandreu, Bruno Pedroso e Abe Rábade. Negra sombra; melodía, Xoán Montes. A Rosalía, Altares do silencio / texto, Luis Pimentel; composición musical, Abe Rábade. Tecin soia a miña tea; Tembra un neno; composición musical, Abe Rábade. Miña Santiña. Alborada /melodía tradicional.

Edita: Falcatruada. Coa colaboración de la Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural de la Xunta de Galicia

A música recollida neste traballo discográfico forma parte do proxecto literario e do espectáculo audiovisual “Rosalía 21”, dirixido por Anxo Angueira

Outro monográfico con música jazzística no que podemos descubrir tamén o recitado de Anxo Angueira nunha proposta distinta e orixinal.

XVII. Na lingua que eu falo

Artista/s: Najla Shami, voz e guitarra

Data: 2013

Poemas: Aló nas tardes / música, Najla Shami. Lé-vame pola man / letra, Najla Shami, Xurxo Nóvoa ; música, Najla Shami, Pedro Pascual ; arranxos, Pedro Pascual. Na lingua que eu falo / música, Sergio Tannus, Najla Shami. Camiño branco / música, Najla Shami. Negra sombra / música, Xoán Montes Capón; arranxos, Pedro Pascual. Ora en ti penso / música, Najla Shami, voz y guitarra Najla Shami; arranxos, Najla Shami, Sergio Tannus. Tecin soia / música, Najla Shami, Narci Rodríguez; arranxos,



Pedro Pascual. Quero ver o mar / música, Najla Shami ; letra, Xurxo Nóvoa Martins, Najla Shami. Pasa río, pasa río / música, Najla Shami; arranxos, Sergio Tannus. Tempo de inverno / música, Héctor Lorenzo ; adaptación, Najla Shami

Edita: Galaxia

Unha nova proposta tamén distinta xa que a voz dunha muller asociada a guitarra, percusións e ventos fundamentalmente cun estilo lixeiro máis actual.


XVIII. Os ollos que falan

Artista/s: Tempo catro

Data: 2013

Poemas: Non che digo nada, ¡Pero vaia! / música orixinal, Suso Iglesias. Alborada / música orixinal, Suso Iglesias y Andrés Pazos. Campanas de Bastabales / música orixinal, Andrés Pazos. Has de cantar / música orixinal, Andrés Pazos. Cando a luniña aparece / música orixinal, Andrés Pazos. Cantan os galos pra o día / música orixinal, Suso Iglesias. Quíxente tanto, meniña / música orixinal, Suso Iglesias. Nasín cando as prantas nasen / música orixinal, Suso Iglesias y Andrés Pazos. Eu cantar, cantar, cantéi / música orixinal, Suso Iglesias. Miña Santa Margarida / música orixinal, Andrés Pazos. Mais ó que ben quixo un día / música orixinal, Suso Iglesias

Edita: Tempo catro



No mesmo ano outra proposta discográfica novidosa xa que unimos a unha voz feminina cinco instrumentos de cámara nun resultado tamén non escoitado antes nun formato intermedio entre o clásico e o lixeiro con arranxos orixinais de todos os temas.

XIX. Rosalía pequenaña

Artista/s: Uxía Senlle

Data: 2013

Poemas: Rosalía pequenaña; Como chove miudiño;



Xan; Has de cantar; Paseníño; A Rosalía; Falaremos de amor; Miña Santiña; Alborada; Maio Longo; A Grasia non era moita

Edita: Galaxia

Faltaba una edición libro disco dirixido a un público infantil e nesta edición así se fixo con ilustracións de Marina Seoane.



XX. Rosalía


Artista/s: O val das mouras

Data: 2015

Poemas: Adina; Roxa estrela; Lúa descolorida; Eu levo unha pena; Calade!; Medulio; Meses do inverno; Cada noite; Para a Habana; Vamos Bebendo; dulce Sono.

Edita: Val das Mouras

Este traballo dun grupo de música celta catalán representa a curiosidade de ser o primeiro monográfico de Rosalía de Castro feito dende outro lugar distinto ao país galego. Outra proposta que se suma as anteriores con matices musicais distintos unha vez máis.



XXI. Árbore da Vida

Artista/s: EVOÉH, Ariana Barrabés - voz e percusión, Jesús Olivares - guitarra, composición e arranxos, Lucía Salgado - oboe e frauta, Natalia Brzezwska - violín, Margarida Olivé - violín, Arabela Fernández - viola Mariona Tuset - violoncello, Jose Luis Garrido - pratos

Data: 2019

Poemas: Alborada; Campanas de Bastabales; Adiós Ríos; Airiños; As pedriñas; Dille que sospiro; Meu amor; unha noite no muiño; Ora meu meniño; Negra Sombra.

Edita: EVOÉH

Edición dixital e tamén física na que se fai una proposta que poderíamos encadrar entre aires folk e de músicas étnicas, tamén por un grupo de fóra de Galicia o que aporta un interese adicional.



XXII. Si cantan es ti que cantas

Artista/s: Tino Baz

Data: 2019

Poemas: Daquelas que cantan; A xusticia pola man; Dolce sono; Meses do inverno fríos; Que prácidamente brillan; Cantan os galos pró día. Si o mar tivera varandas. Nasín cando as prantas nasen; Sin niño; Tecín soia a miña tea; Pra a Habana; Epílogo

Edita: Tino Baz

Ningún cantautor distinto a Amancio Prada vovera facer un monográfico propio de Rosalía de Castro ata este traballo de Tino Baz que fai una proposta propia e orixinal das letras de Rosalía.



XXIII. Lúa descolorida


Artista/s: Lia Pamina e os peregrinos

Data: 2021

Poemas: Follas novas, Por que?; Lúa descolorida; Paz desexada

Edita: Elefant records

En pleno 2021 un vinilo sinxelo dedicado a Rosalía de Castro por esta nova cantante castellanense que se fixou nestes temas para facerlle a súa versión. Sen dúbida unha mostra da tremenda actualidade inmorente e perenne da poesía rosaliana.



XXIV. Resonancias de Rosalía

Artista/s: Amancio Prada

Data: 2021

Poemas: Pra a Habana; Cando era tempo de inverno; Campanas de Bastavales; Paseniño, paseniño; Corre o vento, o río pasa; Un repoludo gaiteiro ; Maio longo; Cómo chove miudiño; Vamos bebendo; ¿Qué pasa ao redor de mín? ; A xusticia pola man ; Airiños, aires; Negra sombra; Adivínase el dulce y perfumado; Algúns din ;miña terra!; Ya que de la esperanza; ¿Quién non xime?; Adiós ríos, adiós fontes; Nasín cando as prantas nasen

Edita: Camaina

Nova edición de Amancio Prada recollendo a súa proposta de tantos anos sobre o poemario de Rosalía.



XXV. Rosalía cantada

Artista/s: Eliseu Mera, barítono; Cándido Cabaleiro, piano. Gravado en directo no Auditorio de Galicia o 14 de novembro de 2020 polo enxeñeiro de son Pablo Barreiro do Servizo do Arquivo Sonoro da Radio Galega

Data: 2021

Poemas: Doce sono ; Negra sombra/ Xoán Montes. Mayo longo; Querom'ire / Xosé Baldomir. Todo é silencio; Cando vos oyo tocar ; As de cantar / Antón García Abril. Un repoludo gaiteiro / Juan Durán. En Cornes; Como chove miudiño/ Octavio Vázquez. Dous cantares: Branca aurora; Dous cantares: Alborada / Fernando Buide

Edita: Fundación Rosalía de Castro

Para rematar esta mostra cronolóxica de monográficos unha última edición en CD da Fundación Rosalía de Castro para barítono e piano con obras de compositores importantes como Antón García Abril, Juan Durán, Fernando Buide e outros.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO